

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 2 DE NOVEMBRO DE 2023, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALFONSO RUEDA VALENZUELA

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Acordo polo que se ratifica a resolución do secretario xeral da Asesoría Xurídica Xeral do 23/10/2023, na que se ordena, por razóns de urxencia, a interposición de recurso contencioso-administrativo contra a desestimación presunta do requirimento efectuado ao Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, contra resolución do 15 de xuño de 2023 ditada pola Dirección Xeral da Costa e o Mar, pola que se establece o canon da concesión outorgada por Portos de Galicia á Asociación Sétima Lista Robaleira de Bueu mediante resolución do 13 de xuño de 2014 para a ocupación de tres mil setecentos oitenta (3.780) metros cadrados totais do dominio público marítimo terrestre adscrito do porto de Bueu, no termo municipal de Bueu (Pontevedra), e en todo caso, interposición de recurso contencioso-administrativo contra tal Resolución do 15 de xuño de 2023.
- Acordo polo que se autoriza a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes a eximir da obriga de constituír garantías á entidade colaboradora na Orde da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes pola que se convoca o procedemento de concorrencia para a selección dunha entidade colaboradora para a entrega e distribución dos fondos das axudas do Programa de promoción da actividade deportiva en idade escolar a través do Bono deporte, por un importe de oitenta mil euros (80.000,00 €), tramitado como anticipado de gasto.

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Acordo polo que se aproba a modificación da relación de postos de traballo da Consellería de Política Social e Xuventude.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FP E UNIVERSIDADES

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e o Concello de Vilalba para a xestión do servizo de comedor escolar nun centro educativo radicado nese concello, por un importe total de catro mil douscentos nove euros con setenta céntimos (4.209,70€).
- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Diocese de Astorga para a rehabilitación das igrexas de Nosa Señora da Asunción de Barrio e Castelo e de San Martiño de Alixo, por importe total de cento sesenta e dous mil euros (162.000,00€), así como autorizar os pagamentos anticipados en porcentaxe superior á establecida no artigo 63.1 Dous do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, e a exención da obriga de constituír garantía para os pagamentos anticipados

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza o inicio da tramitación do Anteproxecto de lei de prevención de adiccións en persoas menores de idade e prevención de condutas aditivas.

CONSELLERÍA DO MAR

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a consellería do Mar e a Universidade de Vigo para a identificación e marcaxe selectiva de larvas de mexillón mediante anticorpos monoclonais por un importe total de douscentos dezaseis mil novecientos cincuenta e tres euros con cinco céntimos (216.953,05 €).

INFORMES

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Informe sobre as axudas a refuxios climáticos.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN

- Informe sobre o convenio de colaboración entre a Consellería de Economía, Industria e Innovación e a Asociación Galega de Ceramistas (AGACER) para a realización de actuacións de fomento da sostibilidade no sector da cerámica.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FP E UNIVERSIDADES

- Informe sobre a relación de actuacións de restauración, rehabilitación, conservación e posta en valor levadas a cabo no patrimonio cultural da Ribeira Sacra en execución e desenvolvemento do Plan de Xestión Ribeira Sacra, anualidades 2017-2023.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE

- Informe sobre o proxecto de Orde pola que se establecen as bases reguladoras do concerto social para a reserva e ocupación de prazas en servizos de atención diúrna para persoas dependentes con enfermidade mental para o período 2024-2028 e se procede á súa convocatoria. Tramitación anticipada de gasto.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe sobre o matadoiro móbil de Galicia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA RECORRE A DECISIÓN DO GOBERNO DE COBRAR UN CANON POR UNHA CONCESIÓN NO PORTO DE BUEU, DE TITULARIDADE AUTONÓMICA

- O Consello acorda presentar un recurso contra a resolución da Dirección Xeral da Costa e Mar para cobrar unha taxa a Asociación Sétima Lista Robaleira por ocupar 3.780 metros cadrados do dominio público marítimo terrestre do peirao de Bueu
- O Estado alega que o espazo que ocupa non pertencía ao porto cando este foi transferido á Galicia en 1982
- Portos de Galicia demanda que as ampliacións tamén estean exentas do canon porque, o contrario, implicaría que os peiraos transferidos non poderían medrar e adaptar as súas instalacións as novas necesidades

O Consello da Xunta acordou hoxe presentar un recurso contencioso-administrativo contra a resolución da Dirección Xeral da Costa e Mar, dependente do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, de cobrar un canon á Asociación Sétima Lista Robaleira de Bueu pola súa concesión neste porto pontevedrés que é de titularidade autonómica.

A resolución da Dirección Xeral da Costa e Mar, do 15 de xuño de 2023, establece que esta entidade ten que pagar un canon ao Estado pola ocupación de 3.780 metros cadrados no dominio público marítimo terrestre do porto de Bueu. A titularidade deste peirao foi transferida a Xunta de Galicia polo real decreto 3214/1982 do 24 xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á comunidade autónoma de Galicia en materia de portos.

Tal e como establece o Regulamento Xeral de Costas, as concesións ou autorizacións que as comunidades autónomas outorguen nos portos e instalacións portuarias estatais que lles foron transferidos “non devindicarán o canon de ocupación a favor da Administración Xeral do Estado”.

No caso de Bueu, o Ministerio alega que a Asociación Sétima Lista Robaleira ocupa un espazo que non pertencía ao porto cando foi transferido á comunidade galega. Portos de Galicia, sen embargo, sostén que a exención de pagar o canón debe aplicarse a realidade física do porto na actualidade, para poder incluír as ampliacións que se fixeran con data posterior a transferencia da titularidade. Do contrario, salientan, os portos traspasados non poderían modificar a súa configuración para adaptarse aos novos tempos e necesidades destas instalacións.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O obxectivo de presentar o recurso é preservar as competencias propias da comunidade autónoma e evitar que no futuro se leven a cabo outras accións similares que levan aparellado un prexuízo económico para os portos de Galicia.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA A ORDE PARA A SELECCIÓN DA ENTIDADE COLABORADORA DO BONO DEPORTE

- O Bono deporte estará en vigor en xaneiro de 2024 e terá un orzamento de 16,2 millóns de euros
- Os pais e nais recibirán 120 euros por menor para a adquisición de material e equipamento deportivo ou a realización de actividades deportivas

O Consello da Xunta vén de aprobar a orde da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, pola que se convoca o procedemento para a selección dunha entidade colaboradora para a entrega e distribución do Bono Deporte. A orde tramítase como anticipado de gasto para unha mellor planificación do novo programa e para maximizar os seus obxectivos.

O Bono Deporte entrará en vigor en xaneiro de 2024, e ten por finalidade axudar ás familias nos gastos derivados da práctica deportiva dos nenos en nenas de 6 a 16 anos federados ou do programa Xogade (Xogos Galegos Deportivos en Idade Escolar). Cun orzamento global de 16,2 millóns de euros, cada pai ou nai recibirá 120 euros por menor para a adquisición de material e equipamento deportivo ou a realización de actividades deportivas, tratándose dun desconto do 80% nos gastos ata chegar a eses 120 euros. O devandito gasto deberá realizarse en establecementos comerciais, entidades deportivas ou prestatarios de servizos deportivos radicados en Galicia que se adhiran ao Bono Deporte.

Bono Deporte e Xogade

O Bono Deporte afonda nas políticas públicas de soporte ao deporte de base que, en Galicia, teñen como medida estrela o seguro deportivo gratuíto para os nenos en idade escolar obrigatoria, un seguro que, nesta edición e ata 2024, supón un investimento de 4,3 millóns de euros. Este seguro beneficia tanto os nenos e nenas do programa autonómico XOGADE, como os menores deportistas das federacións adheridas ao programa.

O Programa Xogade, que vén de botar andar a súa décimo quinta edición, conta xa con máis da metade dos escolares galegos inscritos (53,08%), segundo os datos de finais da tempada 2022-2023 cando se contabilizaron preto de 135.000 escolares (134.135) de entre 6 e 16 anos dos 248.029 que hai en Galicia. En total estes 135.000 escolares sumaron 108.688 participacións na actividade deportiva federada e 85.695 participacións en actividade deportiva escolar. O programa tamén medra en actividades escolares (17) e en federacións adheridas (39).

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

APROBADA A MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DA CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE PARA A CREACIÓN DE 42 NOVOS POSTOS

Reforzarase o servizo de Inspección, os equipos de valoración da dependencia e da discapacidade e os equipos de protección de menores

O Consello da Xunta acordou esta mañá a modificación da Relación de Postos de Traballo (RPT) da Consellería de Política Social e Xuventude, que permitirá a creación de 42 novos postos en diferentes departamentos. O obxectivo desta medida é seguir mellorando a calidade dos servizos e dos programas que se prestan aos cidadáns, a protección de menores e a atención á dependencia e á discapacidade.

Así, crearanse 10 postos de inspección que reforzarán este servizo coa finalidade de continuar mellorando o funcionamento dos centros de servizos sociais que dependen da consellería.

Ademais, incorpóranse 28 postos para ampliar os equipos de valoración tanto da discapacidade como da dependencia, entre médicos, psicólogos, traballadores sociais e terapeutas ocupacionais. Destes novos postos, 16 son para os equipos de dependencia e 12 para os de discapacidade, e con eles preténdese seguir reducindo os tempos de espera.

Por último, crearanse catro postos de traballadores sociais, dos cales tres son para os equipos técnicos de menores e un para a Dirección Xeral de Persoas con Discapacidade.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INCREMENTA NUN 20% A COLABORACIÓN CO CONCELLO DE VILALBA PARA INCORPORAR NOVOS USUARIOS AO COMEDOR DA ESCOLA DE EDUCACIÓN INFANTIL

- Beneficianse do servizo 67 alumnos, case un 50% máis dos autorizados inicialmente
- O Goberno galego destina máis de 1,3M€ para cofinanciar este servizo en 50 centros de 15 concellos con 4.707 usuarios

A Xunta de Galicia incrementará nun 20% a achega ao Concello de Vilalba para cofinanciar o servizo de comedor escolar da Escola de Educación Infantil (EEI) deste municipio lucense. O Goberno galego deu luz verde na súa reunión semanal á addenda do convenio asinado para este fin, cuxo orzamento total se eleva agora a 26.237,2€.

Beneficianse do servizo 67 alumnos, case un 50% máis dos autorizados inicialmente, en concreto 22 máis. Esta addenda inclúe, ao igual que o resto dos acordos renovados este ano con entidades municipais para este fin, a suba dun 10% a achega para facer fronte á inflación, na liña do incremento realizado tamén nos comedores xestionados pola Consellería.

O Goberno galego destina máis de 1,3M€ para cofinanciar este servizo en 50 centros de con 4.707 usuarios. En concreto colábranse con 15 concellos, os de Ames, Barreiros, Betanzos, Cangas, Ferrol, Lugo, Manzaneda, Meaño, Mugardos, Muíños, Oroso, Sada, Santiago de Compostela.

Pola súa banda, os devanditos concellos comprométense á elaboración dos menús escolares, á repartición e recollida destes, así como ao coidado e á asistencia do alumnado durante as comidas. De acordo coa estratexia de fomento dos hábitos alimentarios saudables que mantén a Consellería, os menús deberán ser equilibrados. Ademais, programaranse actividades de promoción da saúde, hábitos alimenticios e habilidades persoais.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INVESTIRÁ MÁIS DE 160.000€ PARA REPARAR OS DANOS CAUSADOS POLO LUME EN DÚAS IGREXAS DA COMARCA DE VALDEORRAS

- O Consello autoriza a sinatura dun convenio coa Diocese de Astorga para a rehabilitación das igrexas de San Martiño de Alixio, no concello do Barco de Valdeorras, e de Nosa Señora da Asunción de Barrio e Castelo, en Rubiá
- O acordo forma parte da liña de traballo da Administración autonómica para garantir o coidado e posta en valor do patrimonio artístico e cultural da Comunidade

O Consello da Xunta aprobou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades e a Diocese de Astorga para reparar os danos causados polos incendios do ano 2022 nas igrexas de San Martiño de Alixio, no concello do Barco de Valdeorras, e de Nosa Señora da Asunción de Barrio e Castelo, no de Rubiá. Trátase dun acordo dotado con máis de 160.000€, que suporá a recuperar destes dous bens da provincia de Ourense incluídos no Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia.

En ambos casos o lume provocou danos que supoñen un risco para a veciñanza e visitantes, xa que se colapsaron os parámetros exteriores, especialmente nas zonas de uso público e os elementos estruturais nas zonas horizontais e verticais. Estes desperfectos, identificables a simple vista, afectaron tamén a cuberta de ambos bens. Cómpre lembrar que os lumes forestais afectaron tamén a capela de Santa Ana, en Oímbra, onde a Xunta investiu xa 140.000€ para reparar os danos.

Con este fin na igrexa de Nosa Señora da Asunción de Barrio e Castelo, a actuación de rehabilitación conta con 130.000€ e centrarase especialmente nos muros de pedra e na zona da cuberta. Así, os traballos inclúen a demolición e limpeza da pedra, a montaxe de vigas de madeira laminada na cuberta e a cubrición do tellado con pizarra. Por último, cambiaranse os volumes de pedra de granito deteriorado, renovarase o sistema eléctrico e de iluminación e restaurarase as carpinterías, reixas e portas de forxa.

Por outro lado, o convenio autorizado hoxe prevé 32.000€ para a igrexa de San Martiño de Alixio, no concello do Barco de Valdeorras, que inclúe a demolición e limpeza dos danos para a posterior colocación e montaxe de vigas de madeira na cuberta. A continuación, cubrirase o tellado de pizarra e colocarase un novo sistema de accionamento das campás. Os traballos completaranse coa limpeza en seco das pezas de cantería histórica, renovando o selado das xuntas e instalando un novo módulo de escaleira.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Garantir a adecuada conservación

O convenio autorizado hoxe polo Consello forma parte da liña de traballo da Administración autonómica para garantir o coidado e posta en valor do patrimonio artístico e cultural da Comunidade. Con este mesmo fin, a Xunta de Galicia reforzará a súa aposta pola conservación cun incremento do 7% nos orzamentos de 2024.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA RESALTA QUE A XUNTA EQUIPARARÁ AS BEBIDAS ENERXÉTICAS AO ALCOHOL E OS VAPEADORES AO TABACO A TRAVÉS DA LEI DE PROTECCIÓN DA SAÚDE DOS MENORES

- Destaca que se inicia a tramitación desta normativa pola que “quedarán prohibida” a venda destes dous produtos a menores de idade na comunidade
- “Galicia vaia situar á vangarda na prevención de condutas adictivas en menores”, salienta o presidente
- O conselleiro de Sanidade resalta que o obxectivo é “concienciar a sociedade galega” e reducir “a tolerancia” ante o consumo de certos produtos
- Estenderanse os espazos sen fume ás paradas de autobús e as piscinas públicas así como a contorna de centros sanitarios ou docentes
- Promóvese a diferenciación das bebidas enerxéticas fronte a isotónicas ou refrescos obrigando os establecementos de venda a localizalas de forma separada
- As xefaturas territoriais de Sanidade substituirán aos concellos na imposición de sancións pola práctica do botellón
- A Xunta ofrecerá cursos de deshabitación tabáquica ou de eliminación do consumo de alcohol en botellóns como substitutos das sancións por incumprimentos no consumo ou venda de produtos nocivos ou que crean adicción

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou hoxe de que o Consello aprobou iniciar a tramitación do Proxecto de lei de protección da saúde das persoas menores e prevención de condutas adictivas “que vai equiparar as bebidas enerxéticas ao alcohol e os vapeadores ao tabaco”. É dicir, tal e como explicou, grazas a nova normativa “quedarán prohibida a venda e consumo destes dous produtos a menores de idade” na comunidade galega.

Tendo en conta os resultados da última enquisa ESTUDES publicada en 2022 sobre as tendencias de consumo da mocidade en canto a alcohol, tabaco, cannabis, bebidas enerxéticas, xogo e uso de internet e novas tecnoloxías, a Consellería de Sanidade deseñou unha lei que promove hábitos de vida saudables e regula o seu consumo, especialmente entre menores. Esta norma segue o mandato acordado polo Parlamento de Galicia de forma unánime en 2021 a través dunha proposición non de lei.

Rueda salientou que grazas a esta normativa “Galicia se vai situar á vangarda na prevención de condutas adictivas en menores de idade” e resaltou que o obxectivo é “combater os efectos perniciosos acreditados” de substancias coma os cigarros electrónicos ou os vapeadores. Na mesma liña, o conselleiro de Sanidade, Julio García Comesaña, salientou que se trata dunha lei que busca “previr máis que castigar” e coa

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

que se busca “concienciar a sociedade galega” sobre os efectos para a saúde destes produtos e “reducir a tolerancia” que aínda pode existir cara eles.

Concienciación pioneira sobre bebidas enerxéticas

O presidente resaltou que Galicia “vai ser pioneira” na regulación das bebidas enerxéticas “que conteñen altas doses de cafeína e outras substancias estimulantes”. Así, no proxecto de lei que será publicado no Portal de Transparencia da Xunta, prohibese o seu consumo por parte de menores, dado que poden producir alteracións do sono, ansiedade, irritabilidade, arritmias e outras problemáticas de carácter neurolóxico ou psicocomportamental. Ademais, é preocupante a súa mestura con alcohol, xa que as bebidas enerxéticas enmascaran os efectos depresivos das bebidas alcohólicas.

Polo tanto, en Galicia non estará permitido dirixir publicidade de bebidas enerxéticas a menores de idade. Igualmente, non poderán ser promocionadas en centros sanitarios, centros docentes para menores e centros destinados a menores, en espazos recreativos como parques temáticos, espazos de entretemento ou divulgación e en recintos ou espazos de actividades deportivas no momento en que deportistas ou practicantes sexan maioritariamente persoas menores. Nestes mesmos espazos, estará prohibida a venda de bebidas enerxéticas. En canto á publicidade, entendendo o poder de influencia sobre infancia e adolescencia, os eventos dirixidos a menores non poderán estar patrocinados por este tipo de produtos.

Desta forma, do mesmo xeito que as persoas menores non terán permitido consumir nin comprar bebidas enerxéticas, estará prohibida a súa venda a menores así como a súa presenza en máquinas expendedoras. No resto de establecementos, a localización das bebidas enerxéticas deberá estar separada dos refrescos para evitar que se conciban como produtos similares e deberá esixirse o DNI para acreditar a maioría de idade da persoa consumidora, salvo que sexa evidente de forma clara.

No que se refire ao alcohol, tal e como explicou o conselleiro, esta nova lei introduce como novidade que as xefaturas territoriais de Sanidade, e non os Concellos, poidan impoñer sancións á práctica do botellón e ademais, poderán ser sancionados os concellos que permitan a presenza de botellóns no seus territorios.

En canto á publicidade, as bebidas alcohólicas, cando se publiciten na vía pública, terán que localizarse a máis de 200 metros de calquera centro docente ou de protección de menores. En revistas, libros ou folletos, a súa publicidade non poderá estar situada na portada ou contraportada e, nos folletos que conteñan no seu interior ofertas ou promocións de bebidas alcohólicas en supermercados galegos, o anuncio deberá

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

incorporar un código QR que remita a unha web da Xunta con mensaxes informativas para prever o seu consumo. Como excepción, estas limitacións non serán aplicables a festas declaradas de interese turístico.

Prevenición do tabaquismo en menores

No referente aos cigarros electrónicos, Rueda lembrou que “inclúen nicotina” e que “aínda que as veces se venden son deseños pensando na poboación máis nova, non son produtos para nenos e adolescentes”. Por iso, con esta nova normativa Galicia prohibirá a súa compra e uso por parte de persoas menores, equiparando a lexislación deste produto á normativa referente ao tabaco.

Do mesmo xeito, para reducir os efectos nocivos de ser fumador pasivo, establécese a prohibición de fumar nas marquesiñas e paradas do transporte público ou nas piscinas de uso público e regúlase un espazo libre de fume obrigatorio de 50 metros a cada lado con respecto a dependencias das administracións públicas, recintos sanitarios ou centros docentes e formativos.

Así, preténdense reducir os riscos para a saúde que provocan o tabaco, xa que é a primeira causa de morte evitable segundo a Organización Mundial da Saúde e causa de 12 tipos de cancro, máis alá do cancro de pulmón.

Educación no uso de novas tecnoloxías

Ademais a Xunta facilitará formación ás familias e incorporará ao currículo educativo pautas sobre a supervisión, tempos de uso e contidos de redes sociais e novas tecnoloxías entre menores porque o seu uso inadecuado pode levar ao fracaso escolar ou a problemas de relacións interpersoais de diversa gravidade.

No que atinxe aos videoxogos, tal e como explicou Comesaña, a lei promovida pola Xunta marcará nos establecementos de venda unha organización clara de cada videoxogo en función da idade recomendada.

Aposta pola información fronte ás sancións

O texto acordado hoxe no Consello da Xunta inclúe un apartado das sancións correspondentes a cada tipo de infracción, para garantir o seu cumprimento, aínda que se especifica que as infraccións leves ou graves poden substituír a multa correspondente por programas preventivos ou asistenciais que a Consellería de

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Sanidade xa facilita actualmente a través de unidades de prevención de condutas adictivas en concellos ou asociacións.

Desta forma, búscase acadar o obxectivo de fomentar hábitos de vida saudables entre a poboación galega. Así, unha persoa que fume onde non está permitido exponse a unha sanción que pode chegar aos 601,01 euros no seu grao mínimo ou ben podería ser conmutada por cursos para deixar de fumar ou eliminar o hábito de consumir alcohol en botellóns. No caso de persoas ou establecementos que, por exemplo, permitan o consumo de substancias prohibidas para menores ou fumar en lugares prohibidos poden ser sancionados coa suspensión de subvencións públicas de concellos ou da Administración autonómica.

O contido desta lei foi tratado cos sectores da hostalería e ocio nocturno, bebidas alcohólicas ou supermercados de nivel nacional en máis dunha ducia de reunións.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA E A UNIVERSIDADE DE VIGO REFORZAN A SÚA COLABORACIÓN PARA MELLORAR, CO AVAL DA CIENCIA, A XESTIÓN DA MEXILLA NO LITORAL GALEGO

- O Consello da Xunta deu hoxe luz verde á sinatura do novo convenio de colaboración entre ambas entidades que permitirá seguir a executar o estudo de identificación e marcaxe selectiva de larvas de mexillón
- A finalidade desta acción é continuar a enriquecer a información sobre a evolución do recrutamento de mexilla atendendo á crecente demanda e á explotación responsable dos distintos recursos naturais
- A Consellería do Mar destina a esta acción 216.953 euros cofinanciados co novo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e Acuicultura (Fempa) que se distribuirán nas anualidades de 2024, 2025 e 2026

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde á sinatura dun novo convenio de colaboración entre a Consellería do Mar e a Universidade de Vigo para continuar coa execución do estudo de identificación e marcaxe selectiva de larvas de mexillón que permite obter información sobre a evolución do recrutamento de semente do molusco nas rochas do litoral de Galicia. Unha acción que reforza un acordo precedente que expiraba antes de finais deste ano e que supón un avance na xestión da mexilla atendendo á crecente demanda deste recurso e á explotación responsable dos distintos recursos naturais.

A Consellería do Mar apoiará esta colaboración cunha achega total próxima aos 217.000 euros cofinanciados co Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e Acuicultura (Fempa) e a distribuír nas anualidades 2024, 2025 e 2026. Corresponde ao Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia (Intecmar), dependente da consellería, a recollida das mostras para posterior envío ao laboratorio de Inmunoloxía da Universidade de Vigo. Neste convenio, que renova o que estaba próximo a vencer, ampliáanse estes puntos de control de catro a sete, pois a Moaña, Bueu, O Grove e a entrada da ría de Muros e Noia súmanse Liméns (ría de Vigo), Aguiño (ría de Arousa) e Lorbé (ría de Ares-Betanzos).

Pola súa banda, a Universidade de Vigo comprométese a realizar as tarefas de identificación e contaxe larvaria, así como de descrición dos estadios larvários indicando a cantidade de larvas por unidade de volume e mostraxe e en cada un dos estadios larvários presentes nas mostraxes. Na coordinación e interpretación dos resultados encárgase o Centro de Investigacións Mariñas (CIMA) de Vilanova de Arousa.

Este acordo mantén en marcha unha comisión de seguimento que se creou para garantir o cumprimento do convenio e resolver as dúbidas que puidesen xurdir. A iniciativa inclúese no labor de investigación e análise que desenvolve a Administración galega

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

para avanzar na xestión da mexilla no medio natural e tamén no seu cultivo, e enmárcase na súa aposta por avanzar na explotación sustentable dos distintos recursos mariños.

Os resultados que se obteñen despois de acumular desde o 6 de marzo ata a pasada semana máis dunha trintena de informes dos recontos larvarios froito da colaboración do Intecmar, o laboratorio de inmunoloxía-Cinbio-Uvigo e o CIMA permitiron o sector miticultor coñecer mellor a época e o manexo para optimizar a captación da semente do molusco e optimizar así a súa produción.

Conxunto de medidas

Esta aposta en común coa Universidade de Vigo veu sumarse a outras actuacións nas que traballa a Xunta como o deseño dunha normativa de consenso que teña como eixo un plan de xestión da mexilla que actualice a orde que regula a súa extracción, do ano 2000, e a busca de alternativas para obter semente de mexillón, como a exitosa vía testada polo CIMA e replicable polo sector para a posta en marcha de *hatcheries* ou criadoiros, así como a utilización de drones e intelixencia artificial para axudar a detectar desde o aire a presenza de semente de mexillóns nas zonas de máis difícil acceso a pé nas rochas.

Na actualidade estase a dialogar intensamente con todos os implicados sobre a posibilidade dunha apertura anticipada da campaña de recolección da mexilla, sempre coa base dos datos científicos como referencia para tomar calquera decisión. As mostraxes realizadas en máis de 600 puntos da costa galega polo CIMA, Cetmar e técnicos da consellería confirman que existe abundancia de semente de mexillón, con áreas onde a cobertura das rochas chega a acadar ata o 90 %.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CONCEDE CASE 400.000 € EN AXUDAS A 20 CONCELLOS PARA A CREACIÓN DE REFUXIOS CLIMÁTICOS E O IMPULSO DE PROXECTOS INNOVADORES FRONTE AO QUECEMENTO GLOBAL

- O Consello foi informado hoxe da resolución da primeira convocatoria destas subvencións, cuxo fin é apoiar as entidades locais de menos de 100.000 habitantes e adheridas ao Pacto das alcaldías polo clima e a enerxía no impulso de actuacións recollidas nos seus Plans de acción para mitigar e adaptarse ao cambio climático
- Entre as intervencións seleccionadas hai proxectos orientados a atenuar os efectos das illas de calor en contornas urbanas, a previr riscos medioambientais, a integrar o cambio climático na ordenación urbanística ou a mellorar as infraestruturas verdes
- Iniciativas como o Pacto das alcaldías ou a Alianza polo clima consolidan a Galicia como rexión líder na acción climática, capaz de atraer investimentos verdes e de consolidarse como refuxio climático que aposta por concellos e vilas máis resilientes

A Xunta concedeu axudas por un importe de case 400.000 euros a unha vintena de concellos para executar accións que contribúan á mitigación e á adaptación ao cambio climático a través de proxectos piloto de carácter innovador para crear refuxios climáticos e aumentar a resiliencia dos seus territorios ante un fenómeno de dimensións globais pero que require tamén de solucións e medidas a nivel local.

Esta liña de subvencións foi convocada por primeira vez o pasado mes de maio pola Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e ía dirixida de forma específica a entidades locais de menos de 100.000 habitantes adheridas ao Pacto das alcaldías polo clima e a enerxía e que xa tiveran redactado e presentado o seu correspondente Plan de acción neste eido.

Unha vez analizadas todas as solicitudes, o Consello da Xunta tomou hoxe razón da resolución desta primeira convocatoria, que se saldou con 20 axudas concedidas a outros tantos concellos: 7 da provincia da Coruña (Ares, Carballo, Carral, O Pino, Ordes, Paderne e Santa Comba), 7 ourensáns (Barbadás, Coles, Larouco, Laza, Melón, O Pereiro de Aguiar e San Cibrao das Viñas), e 6 de Pontevedra (A Lama, Arbo, As Neves, Fornelos de Montes, Mondariz e Salvaterra de Miño).

O importe máximo outorgado foi de 20.000 euros e os municipios beneficiarios terán ata o 30 de xuño do vindeiro ano para completar a execución dos seus proxectos. Entre as intervencións seleccionadas cómpre subliñar as orientadas a atenuar os efectos das chamadas illas de calor (é dicir, áreas urbanas nas que se detecta unha temperatura máis elevada que nas zonas rurais circundantes), a previr riscos medioambientais asociados ao queceamento global, a integrar o cambio climático na planificación do urbanismo, a incrementar a biodiversidade ou a mellorar as infraestruturas verdes.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A modo de exemplo, unha das propostas subvencionadas que acadou a maior puntuación foi a do Concello do Pino e consistirá na creación dun espazo de lecer ecolóxico no núcleo de Arca, en pleno Camiño Francés, reconvertendo unha parcela municipal en desuso nunha nova zona onde tanto a veciñanza como os visitantes atopen acubillo, tranquilidade e proximidade aos principais servizos que ofrece o municipio.

Así mesmo, pola súa singularidade cómpre citar tamén o proxecto da Lama para habilitar novas zonas verdes con árbores autóctonas, caixas niño para paxaros e hoteis de insectos, o que, por unha banda, mellorará a absorción de CO₂ e, por outra, contribuirá ao coidado da biodiversidade e á mellora dos hábitats urbanos recuperando especies de aves afectadas pola presión urbanística; ou a iniciativa de Salvaterra de Miño para habilitar un espazo de ocio acuático que atenúe o efecto illa de calor no centro urbano mediante a instalación dunha fonte seca, transitible pola parte superior e cun vaso oculto ao que retorna a auga grazas a un sistema de drenaxe.

Rexión líder e exemplo de boas prácticas

Iniciativas como o Pacto das alcaldías ou a Alianza galega polo clima, impulsada hai case ano e medio para fomentar a colaboración público-privada neste eido, están a converter a Galicia nunha rexión líder e referente en materia de acción climática e, polo tanto, atractiva para captar os chamados investimentos verdes.

Ademais, o papel da Comunidade galega como refuxio climático tamén se ve reforzado a través do apoio ás entidades locais, pola súa proximidade e relación directa cos cidadáns, no impulso de proxectos que fagan das vilas e municipios galegos lugares máis resilientes ante o quecemento global.

Cómpre lembrar que nos últimos anos a Xunta convocou outras dúas ordes de axudas dirixidas a colaborar cos concellos adheridos ao Pacto na redacción dos seus Plans de acción para o clima e a enerxía sustentable (PACES), cun investimento global de case 1,3 millóns de euros e un balance de 264 municipios galegos beneficiados.

Neste sentido, as axudas convocadas este ano para apoiar a entidades locais xa comprometidas co Pacto das alcaldías no financiamento de actuacións fronte ao cambio climático supón un paso máis para seguir avanzando na concreción das medidas e accións plasmadas nos seus propios plans de actuación.

De feito, este apoio económico así como o asesoramento brindados pola Xunta aos concellos desde 2017, ano en que asumiu o papel de coordinadora en Galicia do Pacto das alcaldías, foron valorados como un exemplo de éxito e boas prácticas pola Comisión Europea que, precisamente, o mes pasado convidouna a participar na Semana das rexións en Bruxelas para compartir a súa experiencia como responsable da Oficina do Pacto en Galicia e principal apoio das administracións locais ante o cambio climático

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA COLABORA CON AGACER NO IMPULSO DA SUSTENTABILIDADE NO SECTOR GALEGO DA CERÁMICA

O Goberno galego asina un convenio de colaboración coa Asociación Galega de Ceramistas (Agacer) por importe de 30.000 euros

O Consello da Xunta informou na reunión desta mañá da sinatura dun convenio de colaboración coa Asociación Galega de Ceramistas (Agacer) por un importe total de 30.000 euros que ten como obxectivo impulsar a sustentabilidade deste sector.

Deste xeito, realizaranse accións en tres ámbitos. Por unha banda, traballarase na obtención de certificacións Passivhaus para os sistemas de cuberta de tella cerámica e de fachada de bloque cerámico. Isto suporá unha garantía para prescriptores e clientes, pois acreditará que as solucións técnicas ecoeficientes destes materiais cerámicos cumpren os estándares máis exixentes de cara a alcanzar un consumo enerxético case nulo nas edificacións.

Por outra banda publicarase un decálogo con información sobre diferentes aspectos de sustentabilidade dos materiais cerámicos que se distribuirán polos asociados entre clientes e prescriptores de proxectos para foemtnar o seu uso.

Por último, celebraranse dúas xornadas técnicas sobre a sustentabilidade e a economía circular con materiais cerámicos.

O convenio e as súas actuacións enmárcanse nos obxectivos da Axenda de Impulso da Minería Sustentable de Galicia coa que a Xunta pretende alcanzar a modernización e crecemento deste sector de xeito sustentable, o fortalecemento do talento humano e a responsabilidade social, ademais de alcanzar a integración ambiental, a posta en valor do patrimonio e o impulso da economía circular.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA DESTACA OS 7,2 M€ INVESTIDOS POLA XUNTA NA CONSERVACIÓN E POSTA EN VALOR DE 44 BENS DA RIBEIRA SACRA PARA IMPULSAR A SÚA CANDIDATURA A PATRIMONIO MUNDIAL DA UNESCO

- Lembra que do 6 ao 8 de novembro celebrárase en Santo Estevo de Ribas de Sil un congreso con expertos nacionais e internacionais para relanzar a candidatura
- Salienta as 84 actuacións no patrimonio cultural dos concellos deste territorio desde o ano 2017
- Inclúe tarefas de estudo, mellora, recuperación, rehabilitación ou divulgación en bens como igrexas, mosteiros, museos, castros ou xacementos romanos

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, puxo en valor hoxe os 7,2 millóns de euros investidos na conservación e posta en valor de 44 bens da Ribeira Sacra nas provincias de Lugo e Ourense e que demostran o compromiso do Goberno galego con impulsar a súa candidatura á Patrimonio Mundial da Unesco, á vez que coa conservación do rico patrimonio cultural que pusúe Galicia.

“Levamos moito camiño andado e seguiremos traballando intensamente”, garantiu Rueda con respecto á consecución deste recoñecemento internacional. Por este motivo, no Consello do Goberno galego deuse conta dun informe que recompila a actividade feita polo Executivo autonómico desde o ano 2017 para estudar, mellorar, recuperar, rehabilitar e divulgar diferentes monumentos no marco da candidatura deste territorio a Patrimonio Mundial da Unesco.

Precisamente, o mandatario galego lembrou que co fin de relanzar esta candidatura, a vindeira semana o mosteiro de Santo Estevo de Ribas de Sil acollerá un importante congreso internacional que reunirá “no corazón da Ribeira Sacra” a expertos de todo o mundo e onde adiantou que se “avanzarán detalles novos”. Trátase dunha cita aberta ao público que se celebrará do 6 ao 8 de novembro e poderase seguir tanto de xeito presencial como telemático. Inclúe encontros, conferencias e mesas redondas, entre outras actividades.

Rueda explicou que desde 2017 a Administración autonómica executou, en solitario ou en colaboración con outras institucións e concellos, 84 actuacións tanto en materia arquitectónica como arqueolóxica en diferentes bens, entre os que citou igrexas, mosteiros, museos, castros ou xacementos romanos, entre outros.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Actuacións por provincias

No caso da provincia de Lugo, o presidente precisou que a Xunta leva investidos 5,2 M€ para poñer en valor 32 bens patrimoniais dunha decena de concellos incluídos na Ribeira Sacra. Entre as 58 actuacións destacan exemplos como a restauración no mosteiro de Santa María de Ferreira de Pantón, a actuación no colexio do Cardeal de Monforte de Lemos ou a rehabilitación da igrexa de Santo Estevo de Ribas de Miño, no Saviñao. Ademais, no eido da arqueolóxica, cómpre destacar a campaña recentemente rematada no xacemento romano de Proendos, no concello de Sober.

Rueda detallou que, en Ourense, o investimento elévase ata os 2 millóns de euros para actuacións en 12 bens en sete concellos desta comarca. En total suman 26 intervencións entre as que se inclúen as restauracións dos mosteiros de Santo Estevo de Ribas de Sil, en Nogueira de Ramuín, onde se celebrará o congreso internacional; Santa María de Montederramo ou a rehabilitación da igrexa de Santa Cristina de Ribas do Sil. Dentro da recuperación arqueolóxica salienta a prospección feita na necrópole de San Vitor de Barxacova, en Parada de Sil.

O presidente da Xunta garantiu que este compromiso continuará vixente o vindeiro ano grazas o incremento de 7 % nas contas destinadas ao patrimonio cultural galego ata os 10,4 millóns de euros, "dos que unha parte importante volverá ser tamén para os bens situados na Ribeira Sacra" asegurou.

Trátase dunha suba dirixida a seguir coidando, preservando e mantendo a nosa gran riqueza patrimonial nas mellores condicións e na que se inclúen as grandes liñas de traballo desta área como son o Plan Catedrais ou o propio Plan Ribeira Sacra, no que se inclúen estas actuacións.

PROVINCIA DE LUGO		
CONCELLO	BEN	INVESTIMENTO
A POBRA DO BROLLÓN	Castro de San Lourenzo	20.000,00 €
A POBRA DO BROLLÓN	Xacemento arqueolóxico de Penas do Castelo	50.820,00 €
A POBRA DO BROLLÓN	Xacemento arqueolóxico dos Conventos	17.726,00 €
CHANTADA	Igrexa de Santa María de Pesqueiras	4.598,00 €
CHANTADA	Igrexa de Santa María Nogueira de Miño	53.846,19 €
MONFORTE DE LEMOS	Colexio do Cardeal	748.374,86 €
MONFORTE DE LEMOS	Convento e Museo de Arte Sacro das Clarisas	41.845,61 €
MONFORTE DE LEMOS	Igrexa do mosteiro de San Vicenzo do Pino	351.125,80 €
O SAVIÑAO	Capela e necrópole de San Pedro de Cela	15.679,18 €
O SAVIÑAO	Igrexa de Santo Estevo de Ribas de Miño	373.467,52 €

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O SAVIÑAO	Igrexa de Santa María de Seteventos	363.419,08 €
O SAVIÑAO	Igrexa e mosteiro de San Paio de Diomondi	139.569,24 €
PANTÓN	Capela de Augas Santas	13.915,00 €
PANTÓN	Castro de Guítara	10.829,50 €
PANTÓN	Cova do Cotillón	20.787,80 €
PANTÓN	Igrexa e reitoral de Pombeiro	298.338,59 €
PANTÓN	Igrexa de Santo André de Ribeiras do Miño	57.059,97 €
PANTÓN	Igrexa de Santo Estevo de Atán	101.981,72 €
PANTÓN	Mosteiro de Santa María de Ferreira de Pantón	1.201.728,51 €
PANTÓN	Socalcos da Ribeira Sacra	18.143,95 €
PANTÓN	Xacemento arqueolóxico do Preguntoiro	61.519,59 €
PANTÓN	Xacemento romano de Castellóns	17.061,48 €
PORTOMARÍN	Castro de Castromaior	53.406,58 €
PORTOMARÍN	Igrexa de San Xoán de Portomarín	303.515,36 €
PORTOMARÍN	Río Miño	14.338,50 €
QUIROGA	Túnel de Montefurado	42.925,56 €
SOBER	Conxunto parroquial de Proendos	61.500,00 €
SOBER	Igrexa de San Xiao de Lobios	281.521,31 €
SOBER	Igrexa de San Vicenzo de Pinol	303.524,88 €
SOBER	Xacemento de Proendos	103.842,20 €
TABOADA	Igrexa de San Martiño do Couto	4.228,95 €
VARIOS	Prospeccións xeofísicas	12.221,00 €
PROVINCIA DE OURENSE		
CONCELLO	BEN	INVESTIMENTO
CASTRO CALDELAS	Antigo mosteiro de San Xoán de Camba	29.524,00 €
CASTRO CALDELAS	Igrexa da Virxe dos Remedios	19.452,88 €
CASTRO CALDELAS	Tellas medievais	6.776,00 €
ESGOS	San Pedro de Rocas	125.578,64 €
MONTEDERRAMO	Mosteiro de Santa María Montederramo	486.184,83 €
NOGUEIRA DE RAMUÍN	Capela de San Xoán de Cachón	9.680,00 €
NOGUEIRA DE RAMUÍN	Mosteiro de Santo Estevo de Ribas de Sil	836.929,38 €
NOGUEIRA DE RAMUÍN	Xacemento arqueolóxico de Penedos do Castro	27.128,20 €
PARADA DE SIL	Santa Cristina de Ribas de Sil	309.333,42 €
PARADA DE SIL	Necrópole alto medieval de San Vitor de Barxacova	38.781,90 €
VARIOS	Prospeccións en varios concellos	17.254,60 €
XUNQUEIRA DE ESPADANEDO	Mosteiro de Santa María de Xunqueira de Espadanedo	220.653,89 €

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA O PRIMEIRO CONCERTO SOCIAL PARA A CONTRATACIÓN DE SERVIZOS DE ATENCIÓN ESPECIALIZADA A PERSOAS CON DISCAPACIDADE

- Rueda salienta que vai dirixido “as persoas con dependencia que padecen unha enfermidade mental”
- Explica que o Consello luz verde á concertación de 33 prazas de atención diúrna para este colectivo cun orzamento de 1,1 M€ para un período inicial de catro anos, que poderá prorrogarse ata un máximo de dez
- Salienta que se destinarán “96 M€ a seis convocatorias” con entidades do sector, “unha por cada tipo de discapacidade”: intelectual, física, autismo, dano cerebral, parálise cerebral e enfermidade mental

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que o Goberno autonómico consolida a rede de recursos públicos para a atención a persoas con discapacidade a través da contratación de prazas con entidades do sector polo procedemento do concerto social. Para iso, o Consello aprobou “a primeira convocatoria de prazas” que a Xunta vai contratar a través deste réxime na área de discapacidade.

Rueda explicou que o Executivo autonómico vai destinar “un total de 96 millóns de euros para seis convocatorias, unha por cada tipo de discapacidade”: intelectual, física, autismo, dano cerebral, parálise cerebral e enfermidade mental. “O primeiro destes concertos diríxese as persoas con dependencia que padecen unha enfermidade mental”, salientou.

Deste xeito, explicou que o Consello acordou esta mañá a convocatoria “de 33 prazas de atención diúrna especializada en saúde mental e o servizo de transporte vinculado a estas”. Rueda indicou que a duración inicial dos concertos sociais que se asinarán coas entidades que resulten seleccionadas será de catro anos e poderán renovarse ata acadar un máximo de dez anos. “O orzamento destes contratos é de 1,1 millóns de euros para o período 2024-2028, que poderá chegar ata os 3,9 millóns de euros tendo en conta as posibles prórrogas”, subliñou.

A convocatoria destas prazas publicarase nos vindeiros días no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) e prevese que os concertos coas entidades entren en vigor “no primeiro trimestre do ano”, indicou.

Vantaxes do concerto social

O concerto social é unha demanda histórica das entidades do sector, que facilitará que as persoas con discapacidade non teñan que desprazarse longas distancias para acceder a unha praza pública.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Ademais, a través desta modalidade para a contratación de servizos especializados, a Xunta subirá un 25% o investimento con respecto aos contratos actuais; aumentará o importe do prezo/praza dos servizos e garantirá e consolidará a continuidade destes recursos públicos especializados. A Administración autonómica tamén asumirá as subidas salariais dos profesionais que atenden estes servizos e dará maior estabilidade xurídica e económica ás entidades que prestan esta atención.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ACTIVA UN MATADOIRO MÓBIL PIONEIRO, QUE POTENCIARÁ ÁS EXPLOTACIÓNS USUARIAS A TRAVÉS DUNHA MARCA DE CALIDADE GARANTE DO PRODUTO DE PROXIMIDADE E CON ALTO BENESTAR ANIMAL

- Este novo servizo público facilitará o acceso ao sacrificio de ovellas, cabras e porcos ás explotacións máis afastadas dos matadoiros convencionais, facilitando a súa actividade no rural
- A iniciativa mellorará a rendibilidade das explotacións mediante unha redución dos custos de transporte, ademais de reducir o estrés dos animais ao acurtar os desprazamentos
- O matadoiro contará cunha unidade móbil de sacrificio do gando -que percorrerá toda Galicia- e unha plataforma base con sede fixa, que se localizará nunha nave do concello lugués de Chantada e que favorecerá o acceso a novas vías de comercialización de carne

A Consellería do Medio Rural vén de elevar ao Consello da Xunta o informe sobre o matadoiro móbil de Galicia onde se anuncia que proximamente se porá en marcha este novo servizo público. A iniciativa, na que se levan investidos 670.000 euros, conta cunha dotación orzamentaria de 800.000 euros para o arranque do proxecto no territorio galego.

A iniciativa permitirá facilitar, con todas as garantías hixiénicas e de seguridade, o acceso ao sacrificio de ovellas, cabras e porcos daquelas explotacións das zonas máis alonxadas dos matadoiros convencionais. Ademais, no marco deste proxecto, prevese desenvolver unha marca de calidade que ampare os animais sacrificados neste matadoiro como produtos de proximidade, con alto benestar animal e con orixe en gandarías que actúan de cortalumes dos incendios forestais, achegándolle un valor engadido ás explotacións usuarias deste servizo.

Trátase dun servizo público pioneiro en España que disporá dunha unidade móbil de sacrificio do gando, montada sobre un semirremolque frigorífico, coa correspondente cabeza tractora, e unha plataforma base con sede fixa que se localizará nunha nave do concello de Chantada, que permitirá o almacenamento en cámaras frigoríficas das canais e o mantemento e desinfección da unidade móbil, ademais dos necesarios servizos administrativos de xestión deste servizo, entre outras cousas.

Así, este proxecto beneficiará o sector gandeiro reducindo os custos de desprazamento aos matadoiros, o que se traducirá nun incremento da rendibilidade na comercializacións dos seus produtos. Tamén, ao reducir os tempos de transporte,

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

diminúe de xeito significativo o estrés dos animais, redundando nunha mellora do seu benestar e no incremento da calidade das carnes obtidas.

Estes beneficios permiten que as pequenas explotacións gandeiras con sistemas de crianza tradicional e extensiva que están asentadas en zonas de montaña, afastadas dos grandes núcleos de poboación e da maior parte dos matadoiros e das industrias cárnicas, poidan continuar coa súa actividade neses lugares. Deste xeito, mantense e incrementase o asentamento da poboación no medio rural, dinamizando así o territorio, unha das prioridades da Consellería do Medio Rural. Ademais, o almacenamento da mercancía na sede de Chantada favorece o acceso a vías de comercialización de carne alternativas e permite acadar maiores volumes comercializables.

A Consellería do Medio Rural prevé activar este matadoiro nas vindeiras semanas, abrindo unha primeira fase na que se estruturarán as rutas da unidade móbil mentras se comeza a desenvolver o servizo e se realizan os axustes pertinentes. Habilitarase un teléfono e un acceso web para resolver dúbidas e facilitar a petición de citas.

Especificacións do matadoiro móbil

Ao tratarse dun servizo pioneiro no noso país foi necesario deseñar e construír unha unidade móbil a medida con todas as instalacións precisas para ofertar o servizo, pois non había nada no mercado coas ditas características. Deste xeito, a unidade móbil conta no seu interior con instalacións para desenvolver o mesmo proceso produtivo que calquera matadoiro convencional.

Por outra banda, para establecer a sede do servizo decidiuse o alugueiro dunha nave preexistente no concello de Chantada, que foi adaptada ás necesidades previstas. Así, conta principalmente cunha oficina para a xestión administrativa e vestiarios para os traballadores, cámaras de almacenamento das carnes, unha zona de xestión dos residuos, outra para albergar a unidade móbil e os vehículos que complementan o servizo e, por último, un lugar de desinfección e lavado dos vehículos. O proxecto contará con veterinarios da Consellería de Sanidade, ademais de persoal auxiliar.

Con respecto aos prezos, estableceuse que o custo por animal do sacrificio e maquiá sería de 10 euros nos animais ovino e cabrún menores dun ano, mentres que naqueles animais destas especies que sexan maiores dun ano pasarán a ser 15 euros, mentres que o prezo dos animais porcinos será de 40 euros. Ademais, as persoas gandeiras poderán optar ao servizo de almacenamento das carnes no lugar base, e mesmo ao seu traslado ata o centro de distribución.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA